

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E O CENTRO TECNOLÓXICO DO CLÚSTER DA ACUICULTURA (CETGA) PARA A PARTICIPACIÓN DO CETGA NA ACCIÓN DE INVESTIGACIÓN "DIVERSIFICACIÓN DE ESPECIES NA PISCICULTURA MARIÑA MEDIANTE O CULTIVO DO SALMONETE DE ROCA (*Mullus surmuletus*)". SALROC. CIMA 24/01.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar formalizou co Centro Tecnolóxico do Clúster da Acuicultura (CETGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura, 25 de setembro de 2024, ata o 30 de novembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer os termos e condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Mar e o Centro Tecnolóxico do Clúster da Acuicultura para a realización da acción de investigación dirixida a "Diversificación de especies na piscicultura mariña galega mediante o cultivo do salmonete de roca (*Mullus surmuletus*)". SALROC. CIMA 24/01, de acordo co plan de traballo que se inclúe no Anexo I do antedito convenio.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

- A Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación establece un marco de referencia para promover a colaboración entre os axentes públicos e

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



privados do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, co fin de dar unha resposta eficaz ás esixencias do cambio tecnolóxico e de desenvolvemento económico sostible, de maneira que, de acordo co artigo 34.1 da citada Lei, prevese a posibilidade de celebrar convenios de colaboración suxeitos ao dereito administrativo, ben os propios axentes públicos entre si, ou estes con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, xa sexan nacionais, supranacionais ou estranxeiros, co fin de realizar conxuntamente diferentes actuacións como, entre outros, proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento ou innovación.

- O 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo polo que se aprobou a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma de Galicia para este período, así como o Plan de Investigación e Innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A Consellería do Mar e o Centro Tecnolóxico do Clúster da Acuicultura (CETGA) consideran esencial o establecemento de accións conxuntas de carácter colaborativo, compartindo os riscos e obxectivos que permitan realizar os traballos reflectidos no Anexo I, no marco da acción de investigación para realizar estudos referentes á diversificación de especies na piscicultura mariña galega mediante o cultivo do salmonete de roca (*Mullus surmuletus*), o que supón un fin común, poñendo ambos medios humanos e materiais, sen prexuízo de que a maior carga investigadora corresponda ao CETGA por ser o que dispón das instalacións e equipamentos máis axeitados para levar a cabo a acción de investigación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña

(asinado dixitalmente)

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal

